



Asociación
Duchenne Parent Project
España
contra la distrofia muscular de Duchenne y Becker



5º CROSS Y ANDAINA SOLIDARIA

A FAVOR DA INVESTIGACIÓN DE DUCHENNE Y BECKER

“UNHA TARDE CON SAMUEL” 29/03/2025

Organizarase no circuíto de Campo a Través do Parque de **MONTE DO GOZO** en Santiago de Compostela, un Cross Solidario para dar a coñecer esta enfermidade e outras recadando fondos para a investigación da enfermidade de distrofia muscular **DUCHENNE** e **BECKER**.

Baixo o lema dunha **“TARDE CON SAMUEL”**, afectado por esta enfermidade rara, organizarase a terceira edición dun **Cross Solidario** que estará baixo o control do Comité Galego de Xuices da Federación Galega de Atletismo e coa colaboración do Concello de Santiago e outras entidades.

Esta proba de carácter 100% solidario, celebrarase o **SÁBADO 29 DE MARZO 2025**, no **Parque de MONTE DO GOZO** en Santiago de Compostela.

Toda a información respecto a esta enfermidade poderana consultar no ligazón

<https://www.duchenne-spain.org/que-es-duchenne/> .

As probas rexeranse polo seguinte:

REGULAMENTO

Artigo 1. Participación.

Nesta proba poderán participar todas aquelas persoas que formalicen a súa inscrición no tempo e prazo preciso e sempre que entren dentro do rango de idades establecido para as categorías establecidas no presente regulamento. O control da proba estará baixo a supervisión do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo.

Artigo 2. Categorías de competición.

Estableceranse as seguintes categorías de competición, tanto masculinas como femininas:

CATEGORÍA	ANOS DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORA
Pitufos/as	Nadas/os en 2021 e posteriores	350 m aprox.	17:30 H
Sub 10	Nadas/os en 2016 e 2017	1200 m	17:45 H
Sub 12	Nadas/os en 2014 e 2015	1200 m	17:45 H
Sub 14	Nadas/os en 2012 e 2013	2000 m	18:00 h
Sub 16	Nadas/os en 2010 e 2011	2000 m	18:00 h
Sub 18-Sub 20	Nadas/os entre 2006 e 2009	5000 m	18:30 h
Senior	Nadas/os en 2005 ata máster	5000 m	18:30 h
Máster 1	De 35 a 44 anos cumpridos o día da proba	5000 m	18:30 h
Máster 2	De 45 a 54 anos cumpridos o día da proba	5000 m	18:30 h
Máster 3	De 55 anos cumpridos o día da proba en adiante	5000 m	18:30 h
ANDAINA		2800m	17.00h

Artigo 3. Lugar de saída das probas.

As probas terán a súa SAIDA e Meta no **Parque MONTE DO GOZO** a partir das 17:30 horas do sábado 29 de marzo de 2025.

Artigo 4. Inscricións. PREZO e PRAZO.

As inscricións poderán realizarse a través das páxinas web atletismo.gal e www.carreirasgalegas.com con prazo límite o mércores 26 de marzo de 2025 ás 23:59 horas.

PREZOS DE INSCRICIÓN

Adultos (de sub 18 - sub 20 en adiante) **9 euros**

ANDAINA adaptada para persoas con movidaDE reducida **6 euros**

Escolares **3 euros**

(Donativo solidario “voluntario no momento de recoller o dorsal)

Na páxina web www.carreirasgalegas.com existirá a posibilidade de inscribirse con **DORSAL 0**, a través da cal poderase facer un donativo sen necesidade de participar na proba.

TODA A RECADACIÓN IRÁ DESTINADA AO MOTIVO REAL DA PROBA.

Artigo 5. Retirada de dorsais.

Os dorsais recolleranse o día

venres 28 marzo no Departamento de deportes, planta baixa, de EL CORTE INGLÉS de SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Horarios: venres 11h-13.30h/ 16h-20h E O sábado 29 marzo de 10.30h. -13.00h.

logo recolleranse na **zona de saída a partir das 16.00h.**

Artigo 6. Avituallamento.

Haberá servizo de **AVITUALLAMENTO** líquido e sólido na zona de meta por cortesía dos colaboradores.

Artigo 7. Premios.

A entrega de premios realizarase unha vez conclúan as probas. Establecen os seguintes premios:

Medallas as categorías ata sub 16 e os da andaina incluídas

trofeos para os tres primeiros/ras clasificados/as de cada categoría establecida no presente regulamento.

Trofeo para os tres clubs federados máis numerosos da proba, entre adultos e escolares.

Artigo 8. Responsabilidade e reclamacións.

A organización da proba non se fará responsable dos danos morais que a si mesmo ou a outras persoas ocasionen os participantes desta proba.

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro da proba (o que designe o comité galego de xuíces da Federación Galega de Atletismo) non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.

A organización reservase o dereito de modificar este regulamento se as circunstancias o requiren (informando previamente)

Todo o non recollido no presente regulamento resolverase de acordo a normativa en vigor da **RFEA** e **FGA** para probas en ruta da tempada 2020.

ACEPTACIÓN DO PRESENTE REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e participar na proba, aceptan esta normativa e, en caso de dúbida ou xurdindo algunha situación non prevista nela, resolveranse de acordo coas disposicións dispoñibles, o Comité Organizador e as regras da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e, a través da súa inscrición, o corredor autoriza expresamente que os seus datos básicos sexan transferidos a esta entidade para a tramitación, antes da compañía de seguros, do seguro obrigatorio de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e o ranking popular de probas de estrada. En calquera caso e conforme establecido pola Lei de Protección de Datos, o interesado poderá exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.

Esta proba disporá dos seguros e servizos sanitarios requirido nas normativas vixentes

- Servizo de ambulancia, médico e sanitarios
- Fotografía Profesional

poñerase un stand con produtos do merchandising

DUCHENNE para recadar fondos tamén para esta investigación)